

E para que conste, e lle sirva de citación en forma a Vicente Barreiro García e para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia* e no taboleiro de anuncios deste xulgado, estendo e asino este edicto en Vilagarcía de Arousa o dezanove de xaneiro de mil novecentos noventa e catro.

O secretario
Rubricado

Edicto (189/1993).

Juan José Martín, secretario do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número un de Vilagarcía de Arousa, dou fe e testemuño de que no xuízo de faltas nº 189/1993, sobre agresión no que aparece como denunciante Miguel Ángel Cuevas Feijoo e como denunciado Krasicov Alexey, se acordou citar a Krasicov Alexey, con último domicilio coñecido en Minskaya (Bielorrusia) e na actualidade en ignorado paradoiro, a comparecer na sala de audiencia deste xulgado, sito na Avda. da Mariña, 122, o vindeiro oito de febreiro, ás 10.20 horas, para asistir á celebración do xuízo de faltas; deberá comparecer coas testemuñas e demais medios de proba de que intente valerse, prevíndoo de que de non comparecer recaerán sobre el os prexuízos que correspondan segundo dereito.

E para que conste, e lle sirva de citación en forma a Krasicov Alexey e para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia* e no taboleiro de anuncios deste xulgado, estendo e asino este edicto en Vilagarcía de Arousa o dezanove de xaneiro de mil novecentos noventa e catro.

O secretario
Rubricado

Edicto (212/1993).

Juan José Martín, secretario do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número un de Vilagarcía de Arousa, dou fe e testemuño de que no xuízo de faltas nº 212/1993, sobre uso de nome falso no que aparecen como denunciante os P.N., nº 48.544 e 55.221 de Vilagarcía de Arousa e como denunciado David García Romero, se acordou citar a David García Romero, con último domicilio coñecido en Peñarande de Braçamonte, Salamanca e na actualidade en ignorado paradoiro, a comparecer na sala de audiencia deste xulgado, sito na Avda. da Mariña, 122, o vindeiro oito de febreiro, ás 10.30 horas, para asistir á celebración do xuízo de faltas; deberá comparecer coas testemuñas e demais medios de proba de que intente valerse, prevíndoo de que de non comparecer recaerán sobre el os prexuízos que correspondan segundo dereito.

E para que conste, e lle sirva de citación en forma a David García Romero e para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia* e no taboleiro de anuncios deste xulgado, estendo e asino este edicto en Vilagarcía de

Arousa o dezanove de xaneiro de mil novecentos noventa e catro.

O secretario
Rubricado

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN DE NEGREIRA

Edicto (187/1993).

En cumprimento do acordado por resolución do día de hoxe, dictada pola xuíza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción de Negreira (A Coruña), faise saber que neste xulgado se tramita expediente de xurisdicción voluntaria, baixo o número 187/1993, promovido por María Ángeles Sieira Gorgal, sobre declaración de falecemento de Manuel Sieira Sanmartín, nacido o 15 de maio de 1894 en San Orente (Outes), fillo de Andrés Sieira e Consuelo Sanmartín, o cal emigrou a Arxentina no ano 1922, non tendo ningunha noticia del a pesar das xestións realizadas por toda a súa familia, tendo viaxado a súa esposa a aquel país sen que lograse localiza-lo seu paradoiro. O presunto falecido tivo o seu último domicilio en España no lugar de Romarís, parroquia de Arzón, do termo de Negreira (A Coruña).

O que para os fins previstos nos artigos 2.042 e seguintes da Lei de axuízamento civil, en relación cos 193 e concordantes do Código Civil, se fai público mediante o presente edicto, o cal se publicará no *Boletín Oficial del Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*, por dúas veces e cun intervalo de quince días, para os efectos legais e para que calquera persoa que o considere oportuno poida comparecer perante este xulgado para ser oída no mencionado expediente.

Dado en Negreira o once de novembro de mil novecentos noventa e tres.

O xuíz
Rubricado

A secretaria
Rubricado

Edicto (5/1994).

En cumprimento do acordado, por resolución do día de hoxe dictada polo xuíz do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción de Negreira (A Coruña), faise saber que neste xulgado se tramita expediente de xurisdicción voluntaria, baixo o número 5/1994, promovido por Dorinda María Concepción Mato Mourís, sobre declaración de falecemento de Manuel Mato, nacido en Luaña (Brión) o 21 de xullo de 1879, fillo non matrimonial de Concepción Mato, o cal emigrou a Arxentina no ano 1919, non tendo desde aquela ningunha noticia del a pesar dos esforzos realizados pola familia para averigua-lo seu paradoiro a través de moitos outros veciños residentes naquel país.